



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982501001, Fax: 982501027
e-mail: xermade@concellodexermade.com
www.concellodexermade.com

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Roberto García Pernas.

Concelleiros:

D. José Prieto Barro.

D. Luis Antonio Vilasuso Seco.

D. Carlos Alberto Guerra González.

D^a. Tamara Paz Balsa.

D^a. Isabel Campello Ares.

D. Mario Félix García Prieto

D. Luis Otero Paz

D. Oscar González Pardo

Secretario- Interventor:

D. Antonio López Vila.

No salón de sesións da Casa do Concello de Xermade, sendo as vinte horas do día vinte e tres de novembro de dous mil dezasete, xúntanse, en primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente D. Roberto García Pernas, e coa asistencia do Secretario-Interventor en acumulación D. Antonio López Vila.

Non asiste o concelleiro D. Antonio Riveira Requeijo

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA DE D^a. M^a. DO MAR HERMIDA PICO, ASI COMO, RENUNCIA A TOMAR POSESIÓN DOS SEGUINTE CANDIDATOS D^a. VANESA BALSA GARCIA E D. ANTONIO BELLAS IGLESIAS. A continuación dáse conta da dimisión do cargo de concelleira desta Corporación pola candidature do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, D^a. María do Mar Hermida Pico por motivos familiares, para que se proceda a cubrir a súa vacante.

Vistas as renuncias a tomar posesión do cargo de concelleira/o do concello de Xermade, presentadas polos seguintes da lista da candidature do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, D^a. Vanesa Balsa García e D. Antonio Bellas Iglesias.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Tomar coñecemento da dimisión do cargo de concelleira desta Corporación de D^a. María do Mar Hermida Pico, así como das renuncias a tomar posesión do cargo presentadas por D^a. Vanesa Balsa García e D. Antonio Bellas Iglesias.

2. Remitir certificación deste acordo á Xunta Electoral Central para que expida credencial do seguinte da lista que debe substituíla.

2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 13/2017. Vista a proposta de modificación de créditos por créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se detalla na memoria da Alcaldía-Presidencia, por importe de 49.784,29 euros, para facer fronte a gastos a cargo desta Corporación relativos a bens correntes e servizos, e investimentos, para os que non existe crédito



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982501001, Fax: 982501027
e-mail: xermade@concellodexermade.com
www.concellodexermade.com

ou é insuficiente no orzamento vixente, e que considera necesario realizar no presente exercicio sen que se poidan atrasar para o exercicio seguinte, utilizando como recursos para o seu financiamento as baixas doutras partidas de gastos e remanente de tesourería, estimando que as modificacións son necesarias con carácter inaprazable e non existe ningún prexuízo para os intereses do Concello, así como, informe de Intervención.

Intervén a concelleira do grupo Popular D^a. Isabel Campello Ares interesando o informe de Intervención e aclaración da dotación para a partida de urbanismo, considera que pode haber modificacións necesarias pero non entende a urxencia, podías ser previsto no pleno anterior, por elo vanse abster.

O concelleiro do grupo BNG D. Oscar González Pardo critica os gastos, fai referencia a axuda no fogar e opina que pudo preverse esta modificación para o pleno de outubro, entende que eran gastos xa previsibles nesas datas.

O concelleiro do grupo Socialista D. Carlos Alberto Guerra González fala da urxencia pola exposición pública, a execución de pozos para abastecemento e tamén das dispoñibilidades de financiamento, a notificación da axuda no fogar é da semana pasada e polo tanto non era coñecida, a comunicaciónd da Xunta é trimestral e hai altas e baixas que non son coñecidas con anterioridade.

O Sr. González Pardo insiste en que si son actuacións do verán en outubro xa se coñecerían, seguen a chegar queixas de que hai xente que recibe axudas para leña, etc. fala da partida de gasto social con queixas xa recollidas en pleno e deben ter en conta estas necesidades, votará en contra porque eran gastos previsibles en outubro, hai desorganización e a oposición non sabe nada.

Despois de debatido o asunto o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con cinco votos a favor dos membros do grupo Socialista, un en contra do concelleiro do BNG, e tres abstencións dos membros do grupo Popular, acorda:

Primeiro: Aproba-la referida proposta de modificación de crédito aplicando as cantidades correspondentes as partidas que se reflicten na memoria, segundo o seguinte detalle:

1º.- AUMENTOS PARTIDAS DE GASTOS.

a) Créditos extraordinarios

Partida	Denominación	Consig.antes expediente.	Aumento proposto	Consignación resultante
161.629	Outros investimentos novos funcionamento servizos	-	8.705,29	8.705,29
454.619	Outros investimentos reposición infraestruturas	-	22.150,00	22.150,00

Suma créditos extraordinarios.....30.855,29 euros.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982501001, Fax: 982501027
e-mail: xermade@concellodexermade.com
www.concellodexermade.com

b) Suplementos de crédito:

Partida	Denominación	Consig.antes expediente.	Aumento proposto	Consignación resultante
231.227	Traballos realizados outras empresas (axuda fogar)	416.000,00	14.000,00	430.000,00
151.227	Traballos realizados outras empresas (urbanismo)	12.000,00	7.834,94	19.834,94

Suma suplementos de crédito..... 18.929,00 euros.

Total incrementos de crédito..... 49. 784,29 euros.

2º.- FINANCIAMENTO

a)Baixas en partidas de gastos.

Partida	Denominación	Consig.antes expediente.	Crédito dispoñible	Baixa proposta	Consignac.. Resultante
011.310	Xuros	2.200,00	2.200,00	2.100,00	100,00
161.227	Traballos realizados outras empresas e profesionais	5.000,00	5.000,00	2.645,00	2.355,00
164.609	Outros investimentos novos infraestruturas	1.000,00	1.000,00	900,00	100,00
323.212	Edifícios e outra construcións	3.000,00	2.549,27	1.500,00	1.500,00
332.227	Traballos realizados outras empresas e profesionais	27.568,23	6.803,99	3.000,00	24.568,23
342.212	Edifícios e outra construcións	16.500,00	5.001,66	2.000,00	14.500,00
342.227	Traballos realizados outras empresas e profesionais	22.750,00	8.547,38	1.884,00	20.866,00
450.600	Investimentos en terreos	5.000,00	5.000,00	4.900,00	100,00

Suma baixas partidas de gastos18.929,00 euros.

b)Con cargo ó remanente líquido de Tesourería:

Partida	Denominación	Consig.antes expediente.	Incremento	Consig.resultante
870.00	Para gastos xerais	355.169,19	225.000,00	580.169,19

Suma cargo remanente Tesourería30.855,29 euros.

Total financiamento.....49.784,29 euros

Segundo: Continua-la tramitación do expediente con exposición pública en forma regulamentaria a efectos de exame e reclamacións.

Terceiro: No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación do correspondente resume no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Finalmente o concelleiro do BNG D. Oscar González agradece á concelleira cesante D^a. Maria



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982501001, Fax: 982501027
e-mail: xermade@concellodexermade.com
www.concellodexermade.com

do Mar Hermida Pico o traballo desenvolvido nestes anos.

Non habeno máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión sendo as vinte horas e vinte minutos, da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e praxe.

O Alcalde

Asdo. Roberto García Pernas

O Secretario

Asdo. Antonio López Vila